En este sentido, cada lote constituye un único contrato a los efectos del artículo 99.7 de la LCSP", a Mesa acorda, por unanimidade, que aqueles lotes que poidan ser adxudicados, ao estar resoltos as xustificacións das ofertas incursas en baixas desproporcionadas ou anormais ou aos lotes que non lles afecte aqueles licitadores que alcanzan a maior puntuación o criterio de valor absoluto, ao non quedar primeiros, ou non ter posibilidade de quedar primeiros noutros lotes, ou que de quedar primeiros, fose o aforro, en termos absolutos, superior para a Deputación, se proceda á clasificación por orde decrecente das propostas e requira ao licitador que presentara a oferta con maior puntuación, para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do PCAP.

Neste sentido:

a) Os lotes 1-2-3-4-6-7-8-9-10-11-12-13-14-15-16-17-18-20-23-24, xa foron requiridos, por Resolución da Presidencia.

b) Poden requirirse aos licitadores que alcanzan a maior puntuación nos lotes 5-19-21-22."

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación en reunións celebradas o 28 de xuño e 5 de xullo de 2019, por Resolucións da Presidencia data, 8 de xullo e 10 de xullo de 2019, acordouse requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar nos lotes 3-6-10-12-13-14-15-16-17-23-24 e 5-1-21e 22 respectivamente.

Por escritos de data 10 de xuño de 2019 e de data 15 de xullo de 2019, foron requiridas (a través do correo electrónico facilitado ao efecto) as mercantís indicadas nas Resolucións da Presidencia de datas 08 e 10 de xullo de 2019, para cada lote que se pretende adxudicar, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e as garantías definitivas relativas a cada lote, por importe do 5% do importe de adxudicación de cada lote, documentación que foi achegada en tempo e forma.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación do servizo, e unha vez fiscalizado o procedemento pola Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, que polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a execución do servizo de "Desbroce de maleza en carreteras provinciais. LOTES 1 A 24. Anualidade 2019 e 2020", conforme ao PCAP e PPT aprobados pola Xunta de Goberno en data 19 de abril de 2019, segundo os lotes e adxudicatarios e nos importes que se indican:

LOTE		ADXUDICATARIO	IMPORTE ADXUDICACIÓN (IVE INCLUÍDO)	ADSCRIPCIÓN MAIORES 50 ANOS
3	Roza de maleza nas estradas provinciais nos Concellos de Muras, Xermade e Vilalba	ACCIONA MEDIOAMBIENTE SA, representada por D. Borja Hernández Santis, e Dª Cristina Martínez de Bartolomé Izquierdo	(Anualidade 2019: 58.189,72€) (Anualidade 2020: 58.189,71€) TOTAL: 116.379,43€	2
6	Roza de maleza nas estradas provinciais nos Concellos de A Pontenova, Riotorto e A Pastoriza	AGROFORESTAL CARBALLÉS CAMPOS SL, , representada por Dª Rocío Campos Adrio,	(Anualidade 2019: 49.849,58€) (Anualidade 2020: 49.849,58€) TOTAL: 99.699,16€	0
10	Roza de maleza nas estradas provinciais nos Concellos de Castroverde e O Corgo	XALO OBRAS E SERVICIOS SL,, representada por D. Manuel Barbeiro Uzal,	(Anualidade 2019: 39.724,50€) (Anualidade 2020: 39.724,49€) TOTAL: 79.448,99€	2
12	Roza de maleza nas estradas provinciais nos Concellos de Baleira, Baralla e Láncara	GONZALO HUERTA ABELAIRA,	(Anualidade 2019: 43.206,08€) (Anualidade 2020: 43.206,07€) TOTAL: 86.412,15€	0
13	Roza de maleza nas estradas provinciais nos Concellos de Ribeira de Piquín e A Fonsagrada	DESTRAMEDIA IBÉRICA SLU, representada por D. Sergio Media Setién	(Anualidade 2019: 38.468,32€) (Anualidade 2020: 38.468,32€) TOTAL: 76.936,64€	1
15	Roza de maleza nas estradas provinciais nos Concellos de Becerreá e As Nogais	SERVITEC MEDIOAMBIENTE SL, representada por D. Manuel Valcarcel Vila,	(Anualidade 2019: 38.194,23€) (Anualidade 2020: 38.194,22€) TOTAL: 76.388,45€	0
16	Roza de maleza nas estradas provinciais nos Concellos de Cervantes e Pedrafita do Cebreiro	OBRAS CIVILES A MONTAÑA SL, representada por Dª Angeles Fernández Uría,	(Anualidade 2019: 46.282,50€) (Anualidade 2020: 46.282,50€) TOTAL: 92.565,00€	2
17	Roza de maleza nas estradas provinciais nos Concellos de Antas de Ulla, Monterroso, Portomarín e Palas de Rei	ALVAC SA, representada por D. José Ignacio Lazcano Díaz	(Anualidade 2019: 50.067,19€) (Anualidade 2020: 50.067,18€) TOTAL: 100.134,37€	1
21	Roza de maleza nas estradas provinciais nos Concellos de Chantada e Carballedo	TRAFOBER SL, , representada por D. Isidro Álvarez Díaz,	(Anualidade 2019: 40.923,86€) (Anualidade 2020: 40.923,85€) TOTAL: 81.847,71€	2
22	Roza de maleza nas estradas provinciais nos Concellos de Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil	HORACIO ARIAS ÁLVAREZ,	(Anualidade 2019: 45.616,22€) (Anualidade 2020: 45.616,21€) TOTAL: 91.232,43€	0
24	Roza de maleza nas estradas provinciais nos Concellos de Pantón e Sober	CONSERVACIÓN Y SERVICIO FORESTAL SL representada por D.Gerardo Marote Blanco,	(Anualidade 2019: 35.529,13€) (Anualidade 2020: 35.529,14€) TOTAL: 71.058,27€	0

Os adxudicatarios cumprirán as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluídas no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos d o artigo 211.f da LCSP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no artigo 153 da LCSP.

3º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución do servizo deberán de proverse da mesma antes da iniciación do mesmo.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a execución do servizo de "Desbroce de maleza en carreteras provinciais. Lotes 1 a 24. Anualidade 2019 e 2020", conforme ao PCAP e PPT aprobados pola Xunta de Goberno en data 19 de abril de 2019, segundo os lotes e adxudicatarios e nos importes que se indican:

LOTE		ADXUDICATARIO	IMPORTE ADXUDICACIÓN (IVE INCLUÍDO)	ADSCRIPCIÓN MAIORES 50 ANOS
3	Roza de maleza nas estradas provinciais nos Concellos de Muras, Xermade e Vilalba	ACCIONA MEDIOAMBIENTE SA, representada por D. Borja Hernández Santis, e Dª Cristina Martínez de Bartolomé Izquierdo	(Anualidade 2019: 58.189,72€) (Anualidade 2020: 58.189,71€) TOTAL: 116.379,43€	2
6	Roza de maleza nas estradas provinciais nos Concellos de A Pontenova, Riotorto e A Pastoriza	AGROFORESTAL CARBALLÉS CAMPOS SL, representada por Dª Rocío Campos Adrio,	(Anualidade 2019: 49.849,58€) (Anualidade 2020: 49.849,58€) TOTAL: 99.699,16€	0
10	Roza de maleza nas estradas provinciais nos Concellos de Castroverde e O Corgo	XALO OBRAS E SERVICIOS SL, representada por D. Manuel Barbeiro Uzal	(Anualidade 2019: 39.724,50€) (Anualidade 2020: 39.724,49€) TOTAL: 79.448,99€	2
12	Roza de maleza nas estradas provinciais nos Concellos de Baleira, Baralla e Láncara	GONZALO HUERTA ABELAIRA,	(Anualidade 2019: 43.206,08€) (Anualidade 2020: 43.206,07€) TOTAL: 86.412,15€	0
13	Roza de maleza nas estradas provinciais nos Concellos de Ribeira de Piquín e A Fonsagrada	DESTRAMEDIA IBÉRICA SLU, representada por D. Sergio Media Setién	(Anualidade 2019: 38.468,32€) (Anualidade 2020: 38.468,32€) TOTAL: 76.936,64€	1
15	Roza de maleza nas estradas provinciais nos Concellos de Becerreá e As Nogais	SERVITEC MEDIOAMBIENTE SL, representada por D. Manuel Valcarcel Vila,	(Anualidade 2019: 38.194,23€) (Anualidade 2020: 38.194,22€) TOTAL: 76.388,45€	0

16	Roza de maleza nas estradas provinciais nos Concellos de Cervantes e Pedrafita do Cebreiro	OBRAS CIVILES A MONTAÑA SL, representada por Dª Angeles Fernández Uría,	(Anualidade 2019: 46.282,50€) (Anualidade 2020: 46.282,50€) TOTAL: 92.565,00€	2
17	Roza de maleza nas estradas provinciais nos Concellos de Antas de Ulla, Monterroso, Portomarín e Palas de Rei	ALVAC SA, , representada por D. José Ignacio Lazcano Díaz	(Anualidade 2019: 50.067,19€) (Anualidade 2020: 50.067,18€) TOTAL: 100.134,37€	1
21	Roza de maleza nas estradas provinciais nos Concellos de Chantada e Carballedo	TRAFOBER SL, representada por D. Isidro Álvarez Díaz,	(Anualidade 2019: 40.923,86€) (Anualidade 2020: 40.923,85€) TOTAL: 81.847,71€	2
22	Roza de maleza nas estradas provinciais nos Concellos de Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil	HORACIO ARIAS ÁLVAREZ,	(Anualidade 2019: 45.616,22€) (Anualidade 2020: 45.616,21€) TOTAL: 91.232,43€	0
24	Roza de maleza nas estradas provinciais nos Concellos de Pantón e Sober	CONSERVACIÓN Y SERVICIO FORESTAL SL, representada por D.Gerardo Marote Blanco,	(Anualidade 2019: 35.529,13€) (Anualidade 2020: 35.529,14€) TOTAL: 71.058,27€	0

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 a cantidade total de 486.051,27 €, desglosado no cadro precedente. Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

Os adxudicatarios cumprirán as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluídas no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no artigo 153 da LCSP.

3º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución do servizo deberán de proverse da mesma antes da iniciación do mesmo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO DE ACCIDENTES PARA OS PARTICIPANTES E ALUMNOS DAS ACTIVIDADES E CURSOS ORGANIZADOS POLA DEPUTACIÓN, E USUARIOS DOS CAM.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación de data 29 de xullo de 2019, no que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

Antecedentes.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento sobre a necesidade administrativa a satisfacer, baseado no informe elaborado pola Mediadora de seguros Artai.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento sobre insuficiencia de medios e non división en lotes.

Informe xustificativo de custos, elaborado pola Mediadora de seguros Artai, en funcións de asesoramento á Deputación en materia de seguros.

Providencia de inicio do expediente de contratación.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito.

Prego de prescricións técnicas asinado pola Técnico e o Xefe de Servizo de Contratación e Fomento, baseado na proposta elaborada pola Mediadora de seguros Artai, en funcións de asesoramento á Deputación en materia de seguros.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento.

Memoria xustificativa.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 24 de maio de 2019, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.

Publicación, o día 10 de xuño de 2019, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Acta da mesa de contratación, reunida en acto público con data 26 de maio do 2019 para a cualificación da documentación administrativa (sobre "A") presentada, apertura da oferta económica (sobre "B") e proposta de adxudicación.

Resolución de Presidencia de data 3 de xullo de 2019, notificada o mesmo día, pola que se procedeu a requirir a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e a cláusula décimo sétima do PCAP a HELVETIA CÍA SUIZA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS.

A empresa atendeu o requirimento o día 11 de xullo de 2019.

Lexislación aplicable.

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPAC).

- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

- Lei 50/1980, de 8 de outubro, reguladora do contrato de seguro.

Consideracións xurídico-administrativas.

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da póliza de seguro de accidentes para os participantes e alumnos das actividades e cursos organizados pola Deputación de Lugo, e usuarios dos CAM.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu artigo 4.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese, na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato de servizos en réxime de dereito privado, de conformidade co establecido nos artigos 25 e 26 da LCSP, norma que se aplicará en canto a súa preparación e adxudicación (art. 26 da LCSP). En canto os seus efectos e extinción, sen prexuízo do previsto no prego, rexerase polas normas de dereito privado, sendo de aplicación a Lei 50/1980, de 8 de outubro, reguladora do Contrato de Seguro, e calquera outras disposicións de dereito privado que resultaren aplicables nesta disciplina.

O contrato definido ten a cualificación de contrato de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP, ao conformar prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou unha subministración.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudícase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, conforme aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e consonte coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP (criterios que figuran na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas). O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención á forma ordinaria que a estes efectos establece o art. 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polo art. 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación

(cualitativos e de prezo), reflíctense, debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

Motívase a non división por lotes do contrato en cumprimento do previsto no artigo 99 da LCSP polo feito de que a natureza e obxecto do contrato non o permite.

No presente contrato, a xustificación da non división por lotes é que se trata dunha única póliza que garante as continxencias de falecemento, invalidez e asistencia sanitaria aos participantes e alumnos de cursos organizados pola Deputación Provincial de Lugo, incluíndo os usuarios do Centro de Día e Residencias de Pol, Trabada, Ribadeo e A Fonsagrada. Esta estratexia basease, precisamente, na necesaria racionalización dos instrumentos de contratación. En calquera caso, a súa xustificación incorpórase ao expediente.

Visto que, de conformidade coa Acta correspondente á sesión da mesa de contratación do 26 de xuño do 2019, deuse conta dos datos obrantes na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento foron os seguintes:

Licitadores
HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS
MAPFRE VIDA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS SOBRE LA VIDA HUMANA

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentaron en tempo e forma as súas propostas, procedeuse á apertura e exame do sobre “A”, documentación administrativa, resultando que as mesmas presentaron as declaracións responsables esixidas no prego de cláusulas administrativas particulares debidamente asinadas e seladas, polo que a mesa de contratación acordou admitir as propostas das mesmas ao proceso de adxudicación.

Seguidamente e desenvolto este primeiro trámite, procedeuse á apertura do sobre “B”, relativo á proposta económica, sendo os criterios os recollidos na cláusula décimo segunda do PCAP e que se reproducen a continuación (todos os criterios cuantificables mediante fórmulas).

No mesmo acto procedeuse as valoracións das ofertas presentadas, e obtivéronse os seguintes resultados:

Contido das ofertas presentadas e puntuacións:

Licitadores	CRITERIO 1 (máx. 55 puntos)	CRITERIO 2 (máx. 15 puntos)	CRITERIO 3 (máx. 15 puntos)	CRITERIO 4 (máx. 15 puntos)
HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	Oferta: 57.162,45€	Oferta: 30.000	Oferta: 30.000	Oferta: 3.000
	Puntuación:47,30	Puntuación: 15	Puntuación: 15	Puntuación: 0
MAPFRE VIDA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS SOBRE LA VIDA HUMANA	Oferta: 49.163€	Oferta: 12.000	Oferta: 12.000	Oferta: 3.000
	Puntuación: 55	Puntuación: 0	Puntuación: 0	Puntuación: 0

Ningunha das ofertas admitidas incorre na situación de baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, en aplicación dos criterios fixados na cláusula décimo-terceira do PCAP.

O límite para considerar desproporcionada ou anormal a oferta económica (prezo), segundo a cláusula décimo terceira do PCAP sería 45.729,96 euros.

Da suma das puntuacións acadadas dos criterios avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas neste caso todos-, obtivéronse os seguintes resultados:

Licitadores	PUNTUACIÓN TOTAL
HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	77,30
MAPFRE VIDA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS SOBRE LA VIDA HUMANA	55

A Mesa elevou a proposta ao órgano de contratación a fin de continuar coa tramitación da adxudicación.

Por Resolución de Presidencia de data 3 de xullo de 2019, notificada o mesmo día, requiriuse a documentación á que se refiren os artigos 65 e 73 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

A empresa presentou a documentación o 11 de xullo de 2019 completando a mesma en tempo e forma, antes de que a Deputación efectuara requirimento de subsanación.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011), aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018."

Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, a contratación da póliza de seguro de accidentes para os participantes e alumnos das actividades e cursos organizados pola Deputación de Lugo, e usuarios dos CAM.

A empresa adxudicataria comprométese á prestación do obxecto do contrato, cunha duración dun ano, que empeza a contar a partir do día 1 de xullo de 2019, con independencia da data en que se formalice; e por un importe máximo, IVE exento, de 57.162,45 €, coas condicións ofertadas seguintes:

Prima	Capital asegurado por falecemento por accidente	Capital asegurado por invalidez permanente	Capital asegurado por asistencia sanitaria en centros de libre disposición
57.162,45 €	30.000 €	30.000 €	3.000 €

2º.- Determinar que o prezo contractual financiarase con cargo á aplicación 9200.224 do vixente Orzamento Xeral.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no artigo 202, ambos da LCSP, as obrigas previstas na cláusula 22.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

4º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale na notificación de adxudicación".

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE 320 TN DE EMULSIÓN ASFÁLTICA PARA O PARQUE MÓBIL PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación de data 29 de xullo de 2019, no que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

Antecedentes.

Informe do Parque Móbil relativo a necesidade da contratación, no que se recolle a xustificación da non separación por lotes e do prezo de licitación.

Informe do Servizo de Vías e Obras, relativo á xustificación do orzamento de licitación.

Orde de inicio do expediente de contratación.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito.

Prego de prescricións técnicas.

Prego de cláusulas administrativas particulares.

Acordo da Xunta de Goberno de data 14 de xuño do 2019, polo que se aproba o expediente de contratación e o gasto proposto, xunto cos pregos reitores.

Anuncio de licitación publicado no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (aloxado na plataforma de contratos do sector público), xunto cos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, e resto de documentación complementaria con data 14 de xuño do 2019.

Certificación de acordo adoptado pola Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 05 de xullo de 2019 para a dación de conta das empresas concorrentes e a apertura das ofertas presentadas.

Resolución de Presidencia de data 15 de xullo de 2019, pola que se procedeu a clasificar aos licitadores presentados por orde de importancia e ponderación e a requirir á empresa RESPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. a documentación á que se refiren o artigo 159.4 da LCSP, e a cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Requirimento de documentación administrativa, cursado na data do 15 de xullo de 2019.

Documentación aportada no trámite anterior, o día 15 de xullo de 2019 e complementado na data do 29 de xullo deste mesmo ano.

Lexislación aplicable.

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

- Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídico-administrativas.

Incoase expediente administrativo, coa finalidade de proceder á contratación da subministración de 320 Tn de emulsión asfáltica para o Parque Móbil Provincial.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos nos seus artigo 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato de subministración, de acordo co artigo 16 da LCSP punto 3 apartado a) que establece que, en todo caso, se considerarán contratos de subministración aqueles en que o empresario se comprometa a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario, sen que a contía total se defina con exactitude no momento de subscribir o contrato, por estaren subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.

O anuncio de licitación foi publicado no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (aloxado na plataforma de contratos do sector público), xunto cos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, e resto de documentación complementaria con data 14 de xuño do 2019.

Recóllese no PCAP que o contrato será adxudicado mediante procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, de acordo co establecido no artigo 159 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, respetando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados en atención á posibilidade que, a estes efectos, establece o artigo 159 da LCSP para contratos de subministración de valor estimado igual ou inferior a 100.000,00 euros.

A mesa de contratación reúnese o día 05 de xullo de 2019. Neste acto, segundo consta na certificación do acordo que obra no expediente, en primeiro lugar deuse conta aos asistentes de que, segundo os datos que constan na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento foron REPSOL YPF LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. e PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.U.

A continuación procedeuse á apertura das propostas presentadas, cos seguintes resultados:

Polo que se refire á documentación acreditativa dos requisitos previos, ambas licitadoras presentan a declaración responsable requirida nos pregos de cláusulas administrativas, debidamente asinada; figurando os dous licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas. No relativo aos criterios de adxudicación, as empresas concorrentes ofertan os seguintes valores:

LICITADOR	PREZO OFERTADO	FOMENTO DA CONTRATACIÓN INDEFINIDA	FOMENTO DA CONTRATACIÓN FEMININA
PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.U.	361,69 €	100%	20%
REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A.	314,60 €	Non presenta datos	Non presenta datos

Unha vez comprobado que ningunha das ofertas admitidas á contratación de referencia presenta valores anormalmente baixos ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, procédese á aplicación das fórmulas matemáticas contidas na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas, cos seguintes resultados:

LICITADOR	NOTAS PREZO	FOMENTO DA CONTRATACIÓN INDEFINIDA	FOMENTO DA CONTRATACIÓN FEMININA	NOTAS TOTAIS
PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.U.	82,63	2,5	2,5	87,63
REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A.	95,00	0	0	95,00

Á vista dos resultados numéricos da aplicación dos criterios de valoración, a mesa de contratación, acorda, por unanimidade, publicar na plataforma de contratación do sector público os resultados acadados e elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	NOTA
1	REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A.	95,00
2	PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.U.	87,63

Requirir á empresa REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. para que, no prazo máximo de 7 días hábiles, previsto no artigo 159.4 da LCSP, presente a documentación á que se refire a cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Por resolución da Presidencia de data 15 de xullo de 2019, acéptase a proposta feita pola mesa de contratación o día 05 de xullo de 2019, e consecuentemente clasificouse aos licitadores presentados por orde de importancia e ponderación e acordouse requirir á empresa REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A., a documentación á que se refiren o artigo 159.4 da LCSP, e a cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas. O día 15 de xullo, o Servizo de Contratación e Fomento cursou o pertinente requirimento.

O día 15 de xullo de 2019 a empresa REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. atendeu ó requirimento de documentación administrativa efectuado complementado con documentación achegada o 29 de xullo de 2019. No PCAP prevése o trámite adicional de subsanación de documentación.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de

Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial."

Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A., a contratación da subministración de 320 Tn de emulsión asfáltica para o Parque Móbil Provincial.

A empresa adxudicataria comprométese á prestación do obxecto do contrato, cunha duración de cinco meses, a contar dende a data de sinatura da acta de inicio, ou no seu defecto, dende a formalización do contrato e por un importe total de 121.000,00 euros (IVE incluído). O prezo unitario de cada Tn ascende a 260,00 euros, aos que se engadirán 54,60 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 314,60 €/Tn.

2º.- Determinar que o prezo contractual financiarase con cargo á aplicación 9201.210 do vixente Orzamento Xeral.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no artigo 202, ambos da LCSP, as obrigas previstas na cláusula 23.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

4º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale no anuncio de adxudicación".

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN E COMPLEMENTO DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO COMO RESULTADO DA RECLAMACIÓN DE PARTICULARES COMPARECENTE EN EXPEDIENTE EXPROPIATORIO.

Logo de ver a proposta do seguinte teor literal:

"Proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Obra: Parcela nº 4 do Plan Especial do Campus Universitario de Lugo.

Por mor da documentación aportada da finca nº 22, procede modificar a titularidade da finca no seguinte senso:

Finca	Titularidade anterior	Nova titularidade
22	Alberto Freijo Méndez	Alberto Freijo Espinosa

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 "RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS"; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/006.

Logo de ver a proposta do seguinte teor:

Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/006, correspondente a José Manuel Fontao Valín (Palas de Rei), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 1,6460 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 823,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

José Manuel Fontao Valín, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente a devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de José Manuel Fontao Valín, tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/006, destinada á "incorporación de terras para a súa posta en produción" por un importe de 823,00 €, así como ao aboamento da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 "RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS"; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/016.

Logo de ver a proposta do seguinte teor:

"Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/016, correspondente a Víctor Manuel Andón Rodríguez (Friol), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 5,4021 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 2.701,05 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Victor Manuel Andón Rodríguez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente a devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Victor Manuel Andón Rodríguez, tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/016, destinada á "incorporación de terras para a súa posta en produción" por un importe de 2.701,05 €, así como ao aboamento da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 "RECUPERACIÓN E

INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS"; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/020.

Logo de ver a proposta do seguinte teor:

"Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/020, correspondente á SAT As Pandas (Vilalba), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 1,22 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 610,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

A SAT As Pandas, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente a devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, á adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da SAT As Pandas, tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/020, destinada á "incorporación de terras para a súa posta en produción" por un importe de 610,00 €, así como ao aboamento da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 "RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS"; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/053.

Logo de ver a proposta do seguinte teor:

"Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/053, correspondente a Ganadería Proida, S.L.U. (A Pastoriza), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 6,26 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 3.130,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

A Ganadería Proida, S.L.U., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Ganadería Proida, S.L.U., tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/053, destinada á "incorporación de terras para a súa posta en produción" por un importe de 3.130,00 €, así como ao aboamento da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 "RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS"; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/087.

Logo de ver a proposta do seguinte teor:

"Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/087, correspondente a Vanesa Díaz Mata (Friol), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 5,46 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 2.730,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Vanesa Díaz Mata, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente a devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Vanesa Díaz Mata, tramitada

co número de expediente SUBAGR-2018/087, destinada á "incorporación de terras para a súa posta en produción" por un importe de 2.730,00 €, así como ao aboamento da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 "RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS"; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/091.

Logo de ver a proposta do seguinte teor:

"Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/091, correspondente a José Luis López Correa (Baralla), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 6,0245 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 3.012,25 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

José Luis López Correa, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente a devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa (a parte efectiva da actuación é de 4,5690 Has, o que supón un 75,84 % da subvención concedida), emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

